



R/ Celso Emilio Ferreiro, 27 -5º
CP. 32004 - Ourense
Ourense

gruposcoutilex@gmail.com

www.scoutsourense.org



En Ourense, a 13 de febreiro de 2017

Queridas familias,

O **próximos sábado día 18** realizaremos unha **actividade que denominamos de "servizo ambiental"**. Faremos unha **reforestación** nunha zona moi afectada polo lume que chegou ás portas da cidade hai dous veráns. Esta actividade ten continuidade: xa o ano pasado a comezamos, polo que teremos a oportunidade de ver os cambios que se produciron no entorno, se agromaron ou non as árbores e sementes que plantamos, e continuar a nosa labor. Ademais, falaremos sobre os efectos do lume e os importantes traballos dos axentes forestais neste eido.

Este tipo de actividades parte **da metodoloxía da "educación pola acción"**: busca a implicación e a participación activa das rapazas e dos rapaces no eido educativo que desenvolvemos (neste caso, no ámbito da educación ambiental), buscando sempre a mellora do entorno e da comunidade. E neste último punto reside a vocación "de servizo" que caracteriza ás e aos scouts.

Logo de facer esta actividade, nos terreos da Comunidade de Montes Naves, faremos unha **ruta polo entorno**, onde aproveitaremos para traballar a orientación con mapas e compases.

O **punto de saída será o Parque de San Lázaro, onde quedaremos ás 10:50** para coller o autobús urbano. Temos que ser puntuais! O autobús chega pouco despois desa hora.

O **punto de recollida será o mesmo Parque, ás 18:30.**

En canto ao **material** que se precisa, as rapazas e rapaces terán que levar unha mochila **coa cantimplora e o xantar**. Ademais, deberán levar **botas e impermeable**; e, se o teñen, **uniforme e pañola**. Finalmente, terán que levar os cartos para coller o autobús urbano: **0,85€ para cada viaxe**.

Se algunha rapaza ou rapaz non pode ir, agradecemosvos que, coma sempre, nolo comentedes a través de whatsapp (se podedes, con certa antelación, para calcular o número de ferramentas que precisaremos). Para calquera dúbida, non dubidedes en contactar comigo no 617837222.

Unha aperta e ata o sábado!

Miren - Responsable da actividade